

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O CONCELLO DE TORDOIA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE FINALIZACIÓN INTERIOR DO CENTRO SOCIOCOMUNITARIO E AMBIENTAL DE TORDOIA

I. Departamento que tramita o convenio

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o departamento ao que lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de Administración Local, de conformidade co previsto no Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (*DOG núm. 101, do 27 de maio*).

II. Antecedentes

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, ten previsto asinar un convenio de cooperación co Concello de Tordoia para a execución do proxecto de finalización interior do Centro Sociocomunitario e Ambiental de Tordoia para o ano 2026.

O Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, é o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de Administración local.

Os artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración de Galicia, establecen que, no que atinxe ás relacións coas entidades locais galegas, correspóndenlle á Xunta de Galicia ás competencias de cooperación e colaboración, podéndose estas materializarse mediante a subscripción de convenios.

Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 80 e 81 da LALGA, os concellos deberán prestar á súa





ciudadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, entre os que se atopan as instalacións de ocupación do tempo libre, así como as de promoción da cultura e equipamentos culturais.

O proxecto que se pretende acometer está destinado a rematar as obras do centro sociocomunitario e ambiental, que xa está remado en todo o exterior. Está situado na zona de servizos e rodeado dun xardín con árbores autóctonas e dunha área de lecer. Pretende ser un punto de encontro, intraxeracional, para actividades culturais, sociais, formativas e medio ambientais. Trátase dun edificio sostible, con sistemas de illamento e calefacción de baixo consumo e con un xardín no interior para regular a temperatura e iluminación LED. A necesidade deste centro social ven motivada porque na Casa da Cultura actual, vaise a construír unha residencia da terceira idade.

O 3 de outubro de 2025, o Concello de Tordoia e a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, asinaron un convenio de colaboración de carácter plurianual polo que, a dita consellería, financiaría cunha achega de 120.000 € (2025: 30.000 € e 2026: 90.000 €) a obra de terminación do centro sociocomunitario. No dito convenio establecíase que "No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio fixado na cláusula primeira (305.670,95 €), a achega da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude diminuírase proporcionalmente". Ao respecto, debe suliñarse que o orzamento base de licitación do citado proxecto ascendía á mencionada cantidade de 305.670,95 € e que, o importe de adxudicación foi de 302.420,01 €. Esta unha baixa (do 1,063543 %), aplícase á achega da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

O importe restante do orzamento deste proxecto, que non está financiado pola axuda anteriormente citada, debe ser asumido polo Concello de Tordoia. Ao tratarse dun concello pequeno, supón unha gran parte do orzamento municipal que Tordoia non pode custear.

Por este motivo o Concello de Tordoia manifestou a necesidade de asistencia por parte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para a execución do proxecto de finalización interior do Centro Sociocomunitario e Ambiental de Tordoia. O concello de Tordoia asumiría a cantidade de 113.696,26 € e a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes a cantidade de 70.000 €.





III. Finalidade

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co concello de Tordoia o instrumento convencional a que se refire a presente memoria, cunha duración que abrangue dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

IV. Obxecto do convenio

Este convenio ten por obxecto fixar as liñas de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Tordoia para a execución do proxecto de finalización interior do Centro Sociocomunitario e Ambiental de Tordoia para o ano 2026.

V. Fundamentos do convenio

O Concello de Tordoia manifestou a necesidade de asistencia por parte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para a execución das obras do proxecto de finalización interior do Centro Sociocomunitario e Ambiental de Tordoia.

O centro Sociocomunitario e Ambiental de Tordoia será o punto de referencia no concello de integración e participación cidadá e o nexo de unión entre as actividades do concello e os cidadáns, tanto directamente, como por medio de asociacións veciñais e culturais.

O fundamental é que o centro social sexa un lugar de intercambio de experiencias e innovación de proxectos que beneficien a toda a comunidade

Características que terá o centro social e que aportará ao concello:

- Promover actividades culturais e sociais.
- Proximidade, polivalencia, integración de servizos e participación cidadá.
- Favorecer o asesoramento, información e formación a poboación.
- Favorecer os mecanismos de participación do conxunto dos axentes sociais.
- Actuar como sede de asociacións.
- Desenvolver os programas socioculturais do concello.
- Fomentar o traballo de todo tipo de organizacións de cidadáns.
- Impulsar iniciativas de integración, convivencia e participación.

Por todo o exposto, as obras de finalización do Centro Sociocomunitario e Ambiental





permitirán garantir unha maior cohesión social e incrementar a calidade de vida no medio rural. Ademais, contribuirá ao desenvolvemento económico do territorio galego, ofrecendo igualdade de oportunidades a toda a poboación, con independencia do seu lugar de residencia. Esta iniciativa reforza tamén o papel do Concello de Tordoia como administración próxima e dinamizadora, converténdoo nun verdadeiro motor de desenvolvemento e benestar para a cidadanía.

Así pois, este convenio de colaboración responde ao interese público e social que representa a acción de fomento da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes respecto da execución dunhas actuacións necesarias para o normal funcionamento da entidade local, que lle permitan exercer as competencias e prestar os servizos que a normativa básica en materia de réxime local lles atribúe aos concellos, como Administración máis próxima aos administrados.

A conxuntura descrita, a necesidade de asistencia manifestada polo Concello e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito adecuado e suficiente para a súa aplicación eficaz no restablecemento dos servizos municipais sobre os cales se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o feito de recorrer ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do Concello de Tordoia.

Conforme co establecido no artigo 26.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública, xa que o obxecto do convenio é atender as circunstancias específicas dese concello para a mellora das infraestruturas municipais.

Incorpórase ao expediente declaración xustificando a imposibilidade de promover a concorrência pública, de acordo co establecido no citado artigo 26.2º.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento convencional para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 con independencia de





que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

VI. Actuación da subvención

Actuacións que se encadran nas obras do proxecto de finalización interior do Centro Sociocomunitario e Ambiental de Tordoia:

1. Instalacións interiores de: calefacción e climatización, fontanería, iluminación, contra incendios, evacuación de augas, eléctricas e telecomunicacións.
2. Carpinterías e cerrallería: formación de gradarío, varandas e pasamáns, portas interiores e tabique móbil e portas contralumes.
3. Illamentos e impermeabilizacións: illamentos térmicos e acústicos.
4. Revestimentos e trasdosados: alicatados, paneis acústicos, pinturas en paramentos interiores, conglomerados tradicionais, pavimentos, trasdosados e falsos teitos.
5. Sinalización e equipamentos e aparatos sanitarios

VII. Importe e aplicación orzamentaria

O importe total das actuacións a realizar ao abeiro deste convenio ascende á cantidade de **trescentos dous mil catrocentos vinte euros con un céntimo (302.420,01 €) IVE incluído**, segundo a memoria detallada e valorada que se xunta como anexo I ao convenio, que se fará efectivo durante o ano 2026.

Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaria Xeral Técnica, achegará a cantidade máxima de **setenta mil euros (70.000 €) IVE incluído**, con cargo á aplicación orzamentaria **05.01.121A.760.0, código de proxecto 2015 00088**, dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

Esta cantidade representa o **23,147 %** do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio.

O concello de Tordoia, achegará o 37,595 % do importe total do proxecto, que ascende a **centro trece mil seiscientos noventa e seis euros con vinte e seis céntimos (113.696,26 €) IVE incluído**, da correspondente partida dos seus orzamentos, distribuída do seguinte xeito:





- ano 2025: 27.596,01 €

- ano 2026: 86.100,25 €

O restante 39,258 %, é dicir, **cento dezaioito mil setecentos vinte e tres euros con setenta e cinco céntimos (118.723,75 €, IVE incluído)** financíase a través do convenio de carácter plurianual asinado coa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude en outubro de 2025.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O secretario xeral técnico
Francisco Javier Abad Pardo

